

A Atención Primaria é a base necesaria para o bo funcionamento do noso sistema público de saúde. Só cunha Atención Primaria forte e sólida poden afrontarse os retos da cronicidade (de cada vez maior impacto nunha demografía como a de Galicia), a sobrecarga –xa estrutural- das Urgencias e as cada vez máis habituais dificultades para o ingreso no hospital dos pacientes. No momento actual e debido a diversas razóns, os principios que definen á Atención Primaria (continuidade asistencial, tempo que asegure un acto médico de calidade, traballo en equipo, accesibilidade, capacidade resolutive, actuacións en promoción e prevención da saúde...) están en claro perigo. E, sen eles, a A. P. perde o seu valor e influencia no bo funcionamento do sistema público de saúde galego. Por iso, fanse imprescindibles cambios urxentes que reforcen a A. P. con decisións organizativas e orzamentarias de calado por parte do SERGAS, acordadas cos axentes profesionais e sindicais de Galicia. Entre elas, expomos:

- 1) A recuperación das Xerencias de Atención Primaria, como unha estrutura necesaria e equilibradora na toma de decisións organizativas e de financiamento.
- 2) Cambiar a tendencia dos últimos anos e dedicar un orzamento propio e suficiente -na liña recomendada polos expertos en xestión sanitaria- para a Atención Primaria en Galicia.
- 3) Implementar xa os cambios estruturais que non poden agardar:
  - garantir a máxima continuidade asistencial en A. P. para os pacientes -mellorar a xestión das substitucións e as prolongacións de xornada con ese obxectivo
  - incrementar a capacidade resolutive de A. P. con acceso a todas as probas diagnósticas e a todas as consultas externas hospitalarias (incluíndo as monográficas), evitando os “filtros” electrónicos
  - reforzar a figura do Xefe/ Coordinador de Servizo de A. P. para conseguir a máxima autonomía e compromiso dos Centros (axendas, organización interna, docencia...)
  - mellorar as fórmulas de contratación eventual dos profesionais, evitando a multiplicidade de contratos encadeados de curta duración
  - redefinir e dimensionar -na medida das necesidades asistenciais- os cadros de persoal de profesionais dos Centros de Saúde e das Urgencias extrahospitalarias
  - implantar a enfermería familiar e comunitaria
  - poñer en marcha un plan de optimización da atención pediátrica en A. P.
  - favorecer con medidas prácticas e realistas a Docencia, a Investigación e a Formación Continuada en A. P.
  - avanzar na integración funcional dos servizos sociais e sanitarios
  - xerar dinámicas de coordinación asistencial coas residencias xeriátricas
  - ampliar os dispositivos de apoio hospitalario á A. P.: HADO, hospitais de día, consultas externas de acceso rápido...

Os Colexios Médicos e as Sociedades Científicas de A. P. de Galicia, instamos o Goberno e á Consellería de Sanidade, a desenvolver canto antes este tipo de medidas que xulgamos necesarias para o noso sistema público de saúde, poñéndonos, como sempre fixemos, á súa disposición para –na medida das nosas posibilidades- colaborar niso.

Fdo: AGAMFEC (Asociación Galega de Medicina Familiar e Comunitaria), AGAPap (Asociación Galega de Pediatría de Atención Primaria), AGEFEC (Asociación Galega de Enfermería Familiar e Comunitaria), CONSELLO GALEGO DE COLEXIOS MÉDICOS, SEMG (Sociedade Española de Médicos Xerais e de Familia)